

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

Consulta no
[directorio de
Vieiros](#) as páxinas
sobre literatura,
editoriais e
librarías

Un manual universitario de noso

[04/04/2005 21:51] por **Manuel Rodríguez Alonso**

Elementos de crítica literaria

Arturo Casas (coord.)

Xerais, Vigo, 2004. 689 páxs., 30 €



A publicación de manuais universitarios redactados nunha lingua minoritaria e minorizada, como aínda hoxe é o caso do galego, é sinal de que se dan pasos importantes cara á normalización da lingua. Os profesionais da filoloxía, e en xeral as persoas preocupadas polos temas da crítica literaria, contan agora en galego con este manual de crítica literaria que permite un achegamento inicial aos principios básicos e actuais desta ciencia, ou mesmo se queremos arte da crítica, desde o propio galego, sen ter que pasar pola alfándega do castelán ou doutras linguas. É unha satisfacción para o profesor de literatura galega, que ten que recomendarlle ao alumnado unha obra de iniciación xeral á crítica, poder recomendar un manual tamén en galego.

O libro, coordinado por Arturo Casas, aparece dividido en 18 capítulos ou partes onde se tratan distintos temas da crítica literaria, estruturados en tres bloques: aspectos teóricos, xéneros literarios e a relación da literatura con outras artes. De cada capítulo ocúpase un especialista de recoñecida solvencia. Cómpre salientar que o manual non queda no tratamento do que podemos chamar teoría da literatura, senón que no seu terceiro bloque dedica capítulos específicos á relación da literatura coa fotografía, co cine, coa música, coa banda deseñada ou coas novas tecnoloxías. Isto volve o manual extraordinariamente atractivo e ata novidoso nun campo coma o da filoloxía aínda hoxe case exclusivamente dirixido cara ao soporte tradicional do libro impreso en papel.

Se comparamos este manual con outros do mesmo tipo e aconsellados para os niveis de iniciación universitaria ou similares, especialmente os editados en castelán, temos que sinalar que é moi superior a eles pola súa actualización científica, a completísima bibliografía que ofrece en cada capítulo, a síntese que realiza de diferentes escolas críticas ou mesmo pola modernidade de considerar a literatura en relación co cine, a banda deseñada ou as novas tecnoloxías. Xa que logo, cando recomendamos este manual non estamos a medir os libros galegos cun metro de oitenta centímetros, segundo célebre expresión dun crítico galego dos anos setenta.

É mágoa que manuais coma este queden circunscritos ao ámbito galego (e penso, por exemplo, noutro manual desta mesma colección, irmán maior do que agora comentamos, o *Manual de Ciencias da Linguaxe*) e que incluso no ámbito galego sexan moitas veces *invisibles*, pois axentes difusores do libro, como poden ser librarías ou medios de comunicación social, non adoitan poñelos no "escaparate". Calquera parvada escrita en castelán, coma a última chocallada do secretario de Cela, ocupa máis espazo en moitas das nosas librarías ou mesmo xornais e revistas. Se os autores optasen polo castelán para a escritura deste manual, seguro que ocuparían un lugar de privilexio nos suplementos de cultura de moitos xornais de ampla tiraxe. É preciso que obras coma esta se divulguen en Galicia e tamén fóra de Galicia, incluso acudindo á tradución, como se fai desde hai tempo con novelistas galegos.

Debemos sinalar, non obstante, que o libro gañaría moito en sucesivas edicións se o estilo se fixese máis adecuado ao que debe ser a linguaxe empregada por un manual. A ciencia, tamén as chamadas ciencias humanísticas, debe utilizar unha linguaxe elegante, pero clara e concisa. Sobran nalgunhas páxinas os incisos entre o suxeito e o verbo que volven difícil a lectura, a sintaxe complicada innecesariamente que altera a orde lóxica da oración só por buscar unha aparencia falsa de lingua culta, a abundancia de elementos coordinados e estruturas bimembres e trimembres que nada engaden, o abuso do condicional de suposición, os retrousos e adverbios baleiros de significado, os adverbios en *-mente* que nada achegan... Como exemplo desta sintaxe, moi característica por outra banda nalgúns dos nosos filólogos e que debe ser alixeirada, podemos citar o capítulo 1 «O estatuto actual da crítica literaria».

Xa que logo, hoxe cómpre amosar a satisfacción de contar cun manual universitario galego e en galego que supera en calidade aos que se publican máis aló do Padornelo, que ademais exemplifica moitas das técnicas literarias tradicionais e innovadoras con textos tomados de escritores

galegos.

mércao en **Andel**

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ Na memoria está a dignidade
- ❑ Penélope reinterpretada
- ❑ A novas Auria/Oria
- ❑ Novela prescindible
- ❑ Viaxe polos vieiros da imaxinación
- ❑ Crime sen castigo
- ❑ Na procura das orixes
- ❑ Un atasco entretido

© Vieiros